

Hábitat dos cogomelos

Souto

Dada a grande utilidade do castiñeiro, tanto para madeira coma para froitos, esta árbore cultívase dende tempos remotos con notable meco e aprecio en toda Galicia. Baixo castiñeiros non era difícil atopar o terreo cultivado, producindo excelentes colleitas de pataca ou centeo. Na actualidade o máis frecuente é atoparse con herba baixo estas árbores. Trátase dun hábitat moi interesante, xa que nel podemos atopar xeitos de vida moi variados e sorprendentes. Sen dúbida é un dos hábitats máis ricos dende o punto de vista micolóxico. Entre os cogomelos medicinais que podemos atopar neste medio están o *Pleurotus ostreatus*, tamén a velenosa *Amanita muscaria*, empregada antigamente para curar trastornos psíquicos, ou a mortal *A. phalloides*, con substancias que teñen propiedades anti-virais ou anti-bacterianas. O seu aproveitamento para a produción de madeira, castañas e cogomelos é hoxe en día unha realidade viable, con pouco traballo.

Os fungos que atopamos neste hábitat pódense clasificar en función da súa forma de enerxía:

1. Parasitos: son os que viven principalmente a base doutras plantas ou outros animais, como a *Armillaria mellea*.
2. Saprófitos: viven da materia orgánica descomposta, servindo de rexeñeradores do campo, como poden ser os exemplares do popular *Pleurotus ostreatus*, fungo que favorece o descenso do colesterol e do que se poden extraer substancias para loitar contra os tumores.
3. Simbióticos: precisan uns dos outros e beneficianse mutuamente, como o *Boletus edulis*, o cal ten un gran contido de selenio, moi importante en bo número de procesos biolóxicos.

